



**Resolución do 3 de agosto de 2015, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se dispón a execución da sentenza ditada o 26 de outubro de 2011 pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento ordinario 369/2009, en relación coa Resolución do 18 de febreiro de 2009, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.**

O 26 de febreiro de 2009 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (número 40) a *Resolución do 18 de febreiro de 2009 da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.*

Coa data do 26 de outubro de 2011 a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza no procedemento ordinario 369/2009, cuxa decisión dispón textualmente:

«Que debemos estimar e estimamos o recurso contencioso administrativo interposto pola representación letrada de D/D<sup>a</sup>. Dolores Monteagudo Piñeiro, María José Romero del Río, Remedios Elvira Castro Quintela, Lucía Cortegoso Espasandín, José Carlos Santamaría González, Almudena Núñez Rodríguez e David Mouriño Bayolo; e en tal sentido debemos anular e anulamos o parágrafo terceiro do punto 2 do anexo IV da resolución do 18 de febreiro de 2009 que se di, por ser excesiva a diferenciación de puntuación nel establecida. Sen custas».

O contido da devandita sentenza, na actualidade firme, foi posteriormente matizado mediante un auto da propia Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, ditado o 10 de xullo de 2014. No dito auto especificase que, con base no razoado na propia sentenza, a decisión cinguese ás categorías de persoal sanitario comprendidas



no apartado 1 do citado anexo, isto é: persoal de enfermaría (ATS/DUE), enfermeiro/a de saúde mental, fisioterapeuta, logopeda, matró/a, terapeuta ocupacional, técnico/a especialista, hixienista dental e auxiliar de enfermaría; sen afectar polo tanto ás categorías de persoal non sanitario comprendidas no apartado 2 do mesmo baremo e anexo. Pola súa vez, dentro das categorías sinaladas, só en catro delas (persoal de enfermaría -ATS/DUE-, fisioterapeuta, técnico/a especialista en imaxe para o diagnóstico clínico e auxiliar de enfermaría -TCAE-) a modificación do baremo ten afectación real na relación de adxudicatarios, de tal xeito que por mor do incremento da súa puntuación inicial, os/as aspirantes que se mencionan no anexo veñen acadar a condición de seleccionados/as no proceso, co subseguinte nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde.

Con base no que antecede, este centro directivo, de acordo coas facultades atribuídas polo Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e na Orde do 5 de xullo de 2012, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde

## RESOLVE

Modificar a Resolución do 18 de febreiro de 2009 da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, no sentido de ampliar a valoración dos servizos prestados en institucións sanitarias concertadas establecida no parágrafo terceiro do punto 2 do anexo IV, correspondente ao baremo de méritos do apartado 1 (*"Persoal sanitario"*) da referida convocatoria; parágrafo que queda redactado como segue:

*«-Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias privadas concertadas e/ou acreditadas para a docencia de España ou dun país da Unión Europea: 0,10 puntos/mes.».*



Con base no que antecede, e en execución da sentenza ditada o 26 de outubro de 2011 pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento ordinario 369/2009, dispónse:

**Primeiro.-** Declarar como aspirantes seleccionados/as no concurso-oposición convocado por Resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, do 18 de febreiro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia nº 40, do 26 de febreiro*), os que se indican no Anexo I desta Resolución.

**Segundo.-** Adxudicarlles aos referidos aspirantes, coa condición de persoal estatutario fixo e con carácter de destino definitivo, a praza correspondente que figura no citado anexo, logo de acreditado o cumprimento dos requisitos de participación e a achega da documentación preceptiva esixida nas bases da convocatoria.

**Terceiro.-** De conformidade coas bases do proceso e o artigo 19 do *Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde (Diario Oficial de Galicia nº 145, do 29 de xullo)* as persoas aspirantes seleccionadas disporán do prazo dun mes para incorporarse á praza adxudicada, iniciándose o cómputo deste prazo o día 1 de setembro de 2015.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2015.

Margarita Prado Vaamonde



Directora Xeral de Recursos Humanos



ANEXO

CATEGORÍA: PERSOAL DE ENFERMERÍA (ATS/DUE)

DN	NOME	ORDE	PUNTUACION	CENTRO DIRECTIVO	CENTRO	LOCALIDADE
32658714W	MARIA DEL ROCIO SANCHEZ BELLO	1	78,125	EOXI Ferrol	Com plexo Hospitalario Arquitecto Marcide	Ferrol
32827406N	CRISTINA MARIA VAZQUEZ SANMARTIN	2	77,450	EOXI A Coruña	Com plexo Hospitalario Universitario de A Coruña	A Coruña
36100930S	ROSA MARIA GONZALEZ OTERO	3	75,675	EOXI Vigo	Com plexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo
40987236V	NATALIA LOPEZ MIGUEZ	4	74,775	EOXI Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Com plexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense
76969095D	BLANCA FLORA SANTOS GARCIA	5	74,050	EOXI Santiago de Compostela		Santiago de Compostela
32823159C	NURIA VAQUERO LOPEZ	6	73,850	EOXI A Coruña	Com plexo Hospitalario Universitario de A Coruña	A Coruña
44974424V	MARIA DOLORES PEREIRA FREIRE	7	73,500	EOXI Ferrol	Com plexo Hospitalario Arquitecto Marcide	Ferrol
44076512W	JOSE MANUEL ROSENDO GALAN	8	73,425	EOXI Vigo	Com plexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo
36141106X	CAROLINA VEIGA GARCIA	9	73,325	EOXI Vigo	Com plexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo
32635443F	MARIA PILAR GARCIA VAZQUEZ	10	73,025	EOXI Ferrol	Com plexo Hospitalario Arquitecto Marcide	Ferrol
32832407E	NOELIA MARIA SEOANE PARDO	11	73,025	EOXI A Coruña	Com plexo Hospitalario Universitario de A Coruña	A Coruña
44129396D	GEMMA MARIA LAMAS CARRERA	12	72,850	EOXI Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Com plexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense
76621073T	MARTA GARCIA GARCIA	13	72,800	EOXI Lugo-Cervo-Monforte	Com plexo Hospitalario Xeral-Calde	Lugo
36128474M	LUCIA DEL CARMEN FERNANDEZ LOPEZ	14	72,550	EOXI A Coruña	Com plexo Hospitalario Universitario de A Coruña	A Coruña
32661913G	ESTEFANIA ARES PEREZ	15	72,500	EOXI A Coruña	Com plexo Hospitalario Universitario de A Coruña	A Coruña

CATEGORÍA: FISIOTERAPEUTA

DN	NOME	ORDE	PUNTUACION	CENTRO DIRECTIVO	CENTRO	LOCALIDADE
33325282F	JOSE RAMON CORDO ISORNA	1	72,082	EOXI Lugo-Cervo-Monforte	Com plexo Hospitalario Xeral-Calde	Lugo
79315571W	NURIA GILSANZ GONZALEZ	2	67,400	EOXI Pontevedra e O Salnés	Com plexo Hospitalario de Pontevedra	Pontevedra

CATEGORÍA: AUXILIAR DE ENFERMERÍA (TCAE)

DN	NOME	ORDE	PUNTUACION	CENTRO DIRECTIVO	CENTRO	LOCALIDADE
33235277R	MANUELA AGRA HERMO	1	72,125	EOXI Santiago de Compostela		Santiago de Compostela
36062003G	M.ª DEL CARMEN GARCIA RIVAS	2	69,450	EOXI Vigo	Com plexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo
52496717E	MARIA ANGELICA SANTAMARIA ALDAO	3	68,950	EOXI Pontevedra e O Salnés	Com plexo Hospitalario de Pontevedra	Pontevedra
36027930V	MATILDE ALVAREZ BERNARDEZ	4	67,825	EOXI Pontevedra e O Salnés	Com plexo Hospitalario de Pontevedra	Pontevedra
3332627S	M.ª DEL CARMEN RODRIGUEZ POTENTE	5	66,775	EOXI Lugo-Cervo-Monforte	Com plexo Hospitalario Xeral-Calde	Lugo

CATEGORÍA: TÉCNICO ESPECIALISTA EN IMAXE PARA O DIAGNOSTICO CLINICO

DN	NOME	ORDE	PUNTUACION	CENTRO DIRECTIVO	CENTRO	LOCALIDADE
52492581A	JOSE GUILLERMO COSTAS DIAZ	1	67,225	EOXI Santiago de Compostela		Santiago de Compostela